



DA POSGUERRA Á ACTUALIDADE



Ponte do Milenio (Jose Luis Cernadas Iglesias, PxHere)



ÍNDICE

DA POSGUERRA Á ACTUALIDADE

1. OS ÚLTIMOS 25 ANOS DA DITADURA FRANQUISTA.....	1
1.1 A narrativa de posguerra.....	1
Álvaro Cunqueiro.....	1
Ánxel Fole.....	2
1.2. Neira Vilas e a Nova Narrativa Galega.....	2
Xosé Neira Vilas.....	2
A Nova Narrativa Galega.....	3
Exercicios.....	3
1.3. A poesía de posguerra.....	4
Celso Emilio Ferreiro.....	4
A Xeración das Festas Minervais.....	4
Exercicios.....	5
2. TRAS A CHEGADA DA DEMOCRACIA (1975).....	8
2.1 A narrativa actual.....	8
2.2 A poesía actual.....	9
2.3 O teatro actual.....	9
Exercicios.....	10
SOLUCIÓN.....	12



1. OS ÚLTIMOS 25 ANOS DA DITADURA FRANQUISTA

A partir dos anos 50 van xurdindo en Galiza iniciativas para recuperar o uso culto da nosa lingua. No ano 1950 fúndase a **editorial Galaxia** e volve haber publicacións en galego.

Nos anos 60 nacen as **asociacións culturais** O Galo en Santiago e O Facho na Coruña, que reivindicán o uso do galego en todos os ámbitos. Tamén xorden na clandestinidade os **primeiros partidos políticos** (UPG e PSG), que defenden a oficialidade do idioma galego.

No ano 1963 a Real Academia Galega instaura o **Día das Letras Galegas**. A razón pola que ten lugar o 17 de maio é o centenario da publicación da obra *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro.

No ano 1971 fúndase o **Instituto da Lingua Galega**, o que fai que a nosa lingua volva ser obxecto de investigación.

En 1975 chega a democracia tras a **morte do ditador Francisco Franco**.

1.1 A narrativa de posguerra

Os narradores máis significativos dos anos 50 serán **Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole** e a partir dos anos 60 xorden autores como **Neira Vilas** e correntes renovadoras da man dos autores e das autoras da **Nova Narrativa Galega**.

Álvaro Cunqueiro

Naceu en Mondoñedo no ano 1911. Estudou Filosofía e Letras en Santiago e comezou publicando libros de **poesía** como *Cantiga nova que se chama riveira*, influídos por correntes vangardistas. Tras a guerra traballou de **xornalista** e uniuse ao **proxecto Galaxia**.

Clasificaremos a súa obra narrativa en **novelas e libros de relatos**. Caracterízase por **mesturar trazos realistas e imaxinarios**.

Na súa primeira novela, *Merlín e familia*, adapta a figura do mago Merlín ao presente e a un escenario galego. O narrador é un paxe de Merlín que na súa vellez lembra aventuras do pasado.

Na novela *As crónicas do sochantre* un músico vai tocar a un enterro nunha carroza acompañado por defuntos, que lle contan historias do pasado.

Por último, en *Se o vello Sinbad volve á illas*, o mariñeiro d'As mil e unha noites, xa retirado, soña con volver ao mar para vivir novas aventuras.

Os tres libros de relatos *Escola de menciñeiros*, *Xente de aquí e acolá* e *Os outros feirantes* son un conxunto de **retratos de personaxes do pobo** que **inclúen elementos marabillosos e o uso do humor**.

Ademais, Cunqueiro cultivou o **teatro**. A súa obra máis destacada foi *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*.

Ánxel Fole

Naceu en Lugo en 1903, onde cursou o Bacharelato. Na súa mocidade forma parte do **Partido Galeguista** e crea a revista literaria *Yunque*. Despois de estudar Dereito e tras a chegada da Guerra Civil, instálase en Quiroga e outros lugares da **montaña luguesa**. No ano 1957 regresa a Lugo, onde traballa como **xornalista**.

A súa obra narrativa está formada por **libros de relatos curtos**. *Á lus do candil* e *Terra brava* están ambientados no rural da montaña luguesa. Neles reflicte os costumes de mediados do século XX e amosa tamén **crenzas populares** e lendas tradicionais como a da Santa Compañía.

As obras *Contos da néboa* e *Historias que ninguén cre* teñen lugar na cidade de Lugo e arredores. Como nos libros anteriores, inclúese un compoñente de **misterio** e experiencias paranormais.

Todos os seus relatos teñen as **características dos contos populares de tradición oral**. Presentan uns personaxes que se xuntan para contar historias. Reproduce a fala viva das montañas luguesas.

Por último, Fole tamén se dedicou ao **teatro**, coa obra *Pauto do demo*, sobre a vendima na ribeira do Sil.

1.2. Neira Vilas e a Nova Narrativa Galega

A partir dos anos 60 comezan a escribir escritores de **temática realista**, como **Xosé Neira Vilas**. Publican tamén nesta década os autores e autoras que pretenden **renovar a narrativa**, a chamada **Nova Narrativa Galega**.

Xosé Neira Vilas

Nace nunha familia labrega de Vila de Cruces, onde vive ata a súa mocidade. No ano 1949 **emigra a Arxentina**, lugar no que participa na fundación das **Mocidades Galeguistas**. Máis tarde vive en **Cuba**, onde estuda Filosofía e Letras e desenvolverá unha intensa actividade no mundo cultural. Pasa os seus últimos 20 anos na súa **aldea natal**.

Sitúa as súas obras narrativas no **rural galego e tamén na emigración**. As súas obras retratan temáticas como a loita pola supervivencia ou a inadaptación.

As novelas situadas no rural teñen tanto protagonistas infantís como adultos. Algúns dos títulos máis destacados son *Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo*, *Aqueles anos de Moncho* ou *Xente no rodicio*.

Memorias dun neno labrego é unha das novelas de máis éxito do século XX. Balbino, o seu protagonista, relata as súas experiencias da **vida na aldea** e as súas preocupacións.

Amósase a situación da vida rural na posguerra e a miseria económica e cultural, así como as inxustizas que sofre o campesiñado.

A Nova Narrativa Galega

Relaciónase cun grupo de autores e autoras que escriben nos anos 60 e 70.

CARACTERÍSTICAS DA NOVA NARRATIVA GALEGA	
Voz narrativa	• Uso de varios narradores nun mesmo relato. • Técnica do ollo narrativo (o narrador actúa como unha cámara). • Monólogo interior (reproducción de pensamentos da voz narrativa).
Personaxes	• Marxinais, anónimos, con algún tipo de trastorno ou afectados por algún tipo de problemática.
Espazo	• Espazos moitas veces indeterminados • Predomina o espazo urbano e con valor simbólico.
Tempo	• Saltos no tempo tanto ao futuro como ao pasado.

Algunhas obras destacadas son *O crepúsculo e as formigas* e *Arrabaldo do norte* de **Xosé Luís Méndez Ferrín**, nacido en Ourense e cun forte compromiso político.

Carlos Casares, que dirixiu a editorial Galaxia e presidiu o Consello da Cultura Galega, presenta trazos da Nova Narrativa Galega en *Vento ferido*, *Cambio en tres* e *Xoguetes pra un tempo prohibido*. Céntranse en aspectos da infancia e mocidade.

Por último, destaca **María Xosé Queizán**, referente do movemento feminista. A súa novela *A orella no buraco* é representativa da Nova Narrativa Galega.

EXERCICIOS

Exercicio 1

Asocia os enunciados aos narradores Neira Vilas, Fole ou Cunqueiro:

1. Comezou a escribir nos anos 60. NEIRA VILAS
2. Emigra a Cuba e Arxentina.
3. Nas súas historias xúntanse personaxes e contan contos.
4. As súas narracións inclúen elementos marabillosos.
5. Non publicou novelas, só libros de relatos.



6. Publica unha das novelas de máis éxito do século XX.
7. Publicou libros de poesía con trazos vangardistas
8. Escribiu libros de relatos curtos con ambientación urbana.
9. Tivo un papel importante na fundación da editorial Galaxia.
10. As súas obras son de temática realista e tratan temas como a emigración.
11. Instálase despois da Guerra Civil na montaña luguesa.

1.3. A poesía de posguerra

Coa creación da editorial Galaxia nos anos 50 volve a publicación de poesía en galego ao noso país. A partir desta década destacan **Celso Emilio Ferreiro**, representante da **Xeración do 36** e os autores e autoras da **Xeración das Festas Minervais**.

Celso Emilio Ferreiro

Naceu en Celanova nunha familia relacionada co galeguismo. Durante a guerra tivo que combater no bando franquista e no ano 1937 estivo no **cárcere**, circunstancia a que fai referencia en varios dos seus poemas. Dirixe varios **proxectos editoriais** en Pontevedra e Vigo e tamén participa en iniciativas. No ano 1966 emigra a **Venezuela**. Ao seu regreso de América instálase en Madrid e pasará os últimos anos en Galicia.

A súa poesía caracterízase por **denunciar as inxustizas** e expresar a súa solidariedade coas persoas que sofren por exemplo as consecuencias da guerra. As súas obras máis significativas son *O soño sulagado* e *Longa noite de pedra*. A esta última obra débese que se denomine a ditadura franquista como "a longa noite de pedra".

Ademais desta **liña social**, presenta poemas **intimistas** (de expresión de sentimentos) como as lembranzas a un tempo pasado feliz, a nostalxia pola súa terra ou reflexións sobre o amor ou a morte no poemario *Onde o mundo se chama Celanova*.

Por último, presenta problemas satíricos nos que **critica con humor** as actitudes negativas da humanidade. Por exemplo, búrtese da actitude dos emigrantes de Venezuela que non se comprometen coa súa terra en *Viaxe ao país dos ananos*.

A súa **lingua é sinxela** e reflicte a lingua **coloquial e popular** da súa zona de Ourense.

A Xeración das Festas Minervais

Denomínase deste xeito polos **certames poéticos da Universidade de Santiago**.

Inclúense nesta xeración autores como Manuel María ou Uxío Novoneyra, cuxas obras describiremos.

- **Uxío Novoneyra** nace no Courel. Destaca sobre todo na **temática paisaxística** coa súa obra *Os eidos*. Presenta unha natureza na que o ser humano xoga un papel. Os

seus poemas destacan por ser **breves**, introducir elementos visuais como cambios na **disposición dos versos** e tamén inclúen **efectos sonoros**.

Ademais, trata a temática **social** na súa obra *Do Courel a Compostela* e poesía **amorosa** en *Muller pra lonxe*.

- **Manuel María** nace en Outeiro de Rei. É creador de varios proxectos editoriais e colaborador habitual na prensa. A súa obra *Muiñeiro de brétemas* inaugura a **Escola da Tebra**, que é unha poesía intimista que presenta temas negativos da existencia como a morte, a soidade ou a desesperanza.

Coa súa obra *Documentos persoas* introduce **denuncia social** mesturada coa ironía e elementos humorísticos. Por último, destacan os poemas **paisaxísticos** de *Terra Cha*.



EXERCICIOS

Exercicio 2

Observa as seguintes estrofas de Celso Emilio Ferreiro e sinala a súa temática:

Intimista

social

paisaxística

Cando quero soñar

digo Moraima.

Digo Moraima

cando a noite é pechada.

Digo Moraima

e ponse a luz en marcha.

TEMÁTICA:

*Moraima é o nome da muller de Celso Emilio.

Onde o mundo se chama Celanova



Mágoa da ferida allea.

Dor dos que están na cadea,

dos que sofren a inxustiza

e viven baixo a cobiza.

TEMÁTICA:

Longa noite de pedra

Non falo pra os soberbios,

non falo pra os ruís e poderosos

non falo pra os finchados,

non falo pra os estúpidos,

non falo pra os valeiros,

que falo pra os que agoantan rexamente

mentiras e inxusticias de cotío;

pra os que súan e choran

un pranto cotidián de volvoretas,

de lume e vento sobre os ollos núos.

Eu non podo arredar as miñas verbas

de tódolos que sofren neste mundo.

TEMÁTICA:

Longa noite de pedra



Exercicio 3

Observa o poema da obra Os soños na gaiola de Manuel María e responde as preguntas:

GALICIA

1 Galicia docemente
está ollando o mar:
¡ten vales e montañas
e terras pra labrar!

2 Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos,
¡cargados de traballos,
cargados de trafegos!

3 Galicia é unha nai
velliña, soñadora:

¡na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!

4 Galicia é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
¡Pero hai outra Galicia
que vai no sentimento!

5 Galicia somos nós:
a xente e máis a fala
¡Si buscas a Galicia
en ti tes que atopala!

1. Cantos versos ten cada estrofa?
2. Subliña dous pares de palabras que rimen como mar e labrar.
3. Relaciona as estrofas cos contidos sobre Galicia:

A Galicia dos sentimentos e emocións e a longa historia galega	Estrofa 1
A Galicia que perciben os sentidos e recordada	Estrofa 2
A Galicia mariñeira, urbana e rural	Estrofa 3
O pobo e o idioma galego	Estrofa 4
A paisaxe diversa: montañas, terras de cultivo e mar	Estrofa 5

2. TRAS A CHEGADA DA DEMOCRACIA (1975)

A partir do ano 1975 chegan moitos **avances** co comezo da democracia, o que supón que a nosa lingua estea por primeira vez recoñecida oficialmente.

O **Estatuto do Autonomía**, aprobado no ano 1981, establece o galego como lingua propia e establece como linguas cooficiais do noso territorio o galego e o castelán.

Outro documento importante para a nosa lingua é a **Lei de Normalización Lingüística**, aprobada no ano 1983 e que pretende fomentar o uso do galego en todos os ámbitos. **Normalizar** unha lingua significa recuperar o seu uso en calquera contexto. Tamén ten como obxectivo ampliar o seu número de falantes.

Ademais, continúa o proceso de **normativización**, é dicir, a elaboración dunhas normas ortográficas, gramaticais e léxicas comúns a todos os falantes que constitúan un modelo de lingua estándar. No ano 1982 publícanse as primeiras **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, que serán actualizadas nos anos 1995 e no ano 2003.

En 1979 incorporárase a **materia de Lingua Galega** ao sistema educativo.

Non obstante, a pesar dos avances normalizadores e a recuperación social do galego, a **substitución lingüística do castelán** avanza e o galego deixa de ser a lingua maioritaria da poboación. Ademais, hai ámbitos nos que ten unha reducida presenza como a xustiza e a medicina.

As enquisas realizadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE) amosan que hai moitas **menos persoas monolingües en galego** canto menor é a idade, o que supón unha **ruptura da transmisión da lingua entre xeracións**.

Os últimos datos do IGE do ano 2024 mostran que a lingua galega se encontra nunha situación de **emerxencia lingüística**: un terzo das crianzas saben falar galego “pouco ou nada” a pesar da presenza do galego no ámbito educativo e hai máis cidadáns e cidadás que empregan sempre o castelán que as persoas que falan sempre galego.

2.1 A narrativa actual

A partir da chegada da democracia xorden novas **editoriais** como Xerais, Sotelo Blanco ou Kalandraka e **premios** de literatura como o Blanco Amor ou o Xerais. A presenza do galego no ensino axuda a que se desenvolva a **narrativa infantil e xuvenil** da man de escritores e escritoras como Marilar Aleixandre, Leticia Costas ou Agustín Fernández.

As tendencias da Nova Narrativa Galega seguen en vigor nas seguintes décadas, pois a **ambientación é cada vez menos rural** e ten **menor presenza a temática social**. Nos oitenta únense narradores e narradoras como Manuel Rivas, Suso de Toro ou Darío Xohán Cabana que traen **novas temáticas** e técnicas narrativas: histórica, policial, de aventuras, de ficción científica, de relato erótico...

Na seguinte década engádense outros nomes como Xosé Miranda, Fran Alonso, Teresa Moure, Rosa Aneiros ou María Reimóndez. Hai unha maior **complexidade de personaxes e aumenta o protagonismo feminino**.

Co novo milenio séguense as tendencias anteriores, mais **increméntase o número de publicacións** e aumenta a **actividade na rede** e edicións dixitais, así como a difusión en actos como as presentacións literarias.

2.2 A poesía actual

Coa publicación de obras como *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín no ano 1976 hai un cambio de rumbo da poesía galega, xa que se **rompe coa temática social e introdúcense novas temáticas e formas**.

Nesta época xorden **grupos poéticos** como Cravo Fondo ou Rompente e **revistas poéticas** como **Dorna** ou a feminista *Festa da palabra silenciada*, así como **premios literarios** como o Martín Códax.

A poesía esténdese a través de actos sociais, como a celebración de aniversarios relacionados con poetas que faleceron ou pola realización de recitais poéticos. Xoga un papel importante o da **Asociación de Escritoras e Escritores da Lingua Galega (AELG)**, fundada no ano 1980.

Nos **anos 80** revitalizan a poesía poetas como Pilar Pallarés, Ramiro Fonte Helena Villar, Xulio L. Valcárcel ou Antón Reixa. Os seus poemas posúen numerosas **referencias culturais**, tanto clásicas como de outras artes, son de carácter **intimista** (expresan os seus sentimentos) e hai unha maior atención cara **á forma e ao coidado da lingua** que en décadas anteriores. Introdúcense novos temas como **o erotismo ou a metapoesía** (reflexión sobre a poesía).

Nos **anos 90** xorden tamén novos e novas poetas. Destaca a presenza de novas voces **femininas** como Olga Novo, Xela Arias, Chus Pato, Yolanda Castaño, Marta Dacosta ou Luísa Villalta. A súa linguaxe vólvese máis **coloquial**, con referencias a **situacións do día a día**, emprégase o **verso libre** (sen rima nin medida regular) e hai un **maior compromiso social** dende novas ópticas como o ecoloxismo (defensa do medio ambiente), feminismo, antimilitarismo (en contra da guerra)...

Na poesía actual encontramos novos soportes grazas á aparición da Internet. Combínanse os versos con outras artes como a pintura (graffitis), a música ou a videocreación. Aparece a ciberpoesía, pois dáse a coñecer a través de novos soportes como a Internet.

2.3 O teatro actual

Nos últimos anos da ditadura xorden **grupos** como O Facho ou Teatro Popular Galego, así como a **Mostra de Teatro de Ribadavia**, que se celebra por primeira vez en 1973. As producións nos anos 60 e 70 destacan por ter un forte **compromiso social** e tamén

introducen novas tendencias do teatro europeo. Destácanse nomes como Xohana Torres, Manuel Lourenzo ou Roberto Vidal Bolaño.

Coa chegada da democracia hai unha profesionalización do xénero teatral, pois aumenta o número de **grupos** como Sarabela Teatro ou Chévere, **salas de teatro e funcións** e tamén o nacemento de **premios** como o Rafael Dieste ou o María Casares. Axudará tamén o seu desenvolvemento o nacemento do **Centro Dramático Galego** no ano 1984 e de centros de formación como a **Escola Superior de Arte Dramática de Vigo**. Nos 80 o teatro diversifícase en temas e caracterízase pola presenza de **símbolos así como de referencias culturais e do metateatro** (teatro dentro do teatro) con autores como Xesús Pisón ou Fernán Vello.

Na seguinte década haberá unha **maior variedade de xéneros** e as obras escribíranse co obxectivo de atraer o público, xa que hai máis representacións. Destácanse os autores Quico Cadaval ou Candido Pazó. Ademais, aumentan as representacións para público infantil, por exemplo o teatro de **marionetas**.

No **novo milenio** **haberá un obxectivo innovador** e as obras teatrais compartiranse en novos soportes como en canles de Youtube.



EXERCICIOS

Exercicio 4

Indica se os seguintes enunciados son verdadeiros (V) ou falsos (F):

1. Nos anos 70 xorden asociacións culturais e partidos políticos.
2. Os relatos de Ánxel Fole posúen características dos contos populares contados oralmente.
3. Fole e Cunqueiro non escribiron teatro.
4. Neira Vilas pertence á Nova Narrativa Galega.
5. Coa Nova Narrativa Galega chegan novidades como o uso do monólogo interior, ambientación urbana ou a presenza de saltos no tempo.
6. Celso Emilio Ferreiro levábase ben con outros emigrantes galegos en Venezuela.
7. A maioría dos poemas de Celso Emilio Ferreiro son paisaxísticos.
8. A Festas Minervais eran certames de poesía da Universidade de Santiago.
9. Manuel María e Uxío Novoneyra escribiron poemas paisaxistas.
10. A normativización consiste en normalizar a lingua en todos os ámbitos e aumentar os falantes.



11. Actualmente no século XXI hai máis falantes de castelán que de galego, especialmente entre as persoas de menor idade.
12. A poesía da actualidade só se publica en libros e non na Internet.
13. No teatro dos 60 e 70 deixa de haber compromiso social.
14. Na actualidade houbo unha profesionalización do teatro.



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Asocia os enunciados aos narradores Neira Vilas, Fole ou Cunqueiro:

1. Comezou a escribir nos anos 60. NEIRA VILAS
2. Emigra a Cuba e Arxentina. NEIRA VILAS
3. Nas súas historias xúntanse personaxes e contan contos. FOLE
4. As súas narracións inclúen elementos marabillosos. CUNQUEIRO
5. Non publicou novelas, só libros de relatos. FOLE
6. Publica unha das novelas de máis éxito do século XX. NEIRA VILAS
7. Publicou libros de poesía con trazos vangardistas. CUNQUEIRO
8. Escribiu libros de relatos curtos con ambientación urbana. FOLE
9. Tivo un papel importante na fundación da editorial Galaxia. CUNQUEIRO
10. As súas obras son de temática realista e tratan temas como a emigración. NEIRA VILAS
11. Instálase despois da Guerra Civil na montaña luguesa. FOLE

Exercicio 2

Observa as seguintes estrofas de Celso Emilio Ferreiro e sinala a súa temática:

Intimista

social

paisaxística

Cando quero soñar

digo Moraima.

Digo Moraima

cando a noite é pechada.

Digo Moraima

e ponse a luz en marcha.

TEMÁTICA: intimista

*Moraima é o nome da muller de Celso Emilio.

Onde o mundo se chama Celanova



Mágoa da ferida allea.

Dor dos que están na cadea,

dos que sofren a inxustiza

e viven baixo a cobiza.

TEMÁTICA: social

Longa noite de pedra

Non falo pra os soberbios,

non falo pra os ruís e poderosos

non falo pra os finchados,

non falo pra os estúpidos,

non falo pra os valeiros,

que falo pra os que agoantan rexamente

mentiras e inxusticias de cotío;

pra os que súan e choran

un pranto cotidián de volvoretas,

de lume e vento sobre os ollos núos.

Eu non podo arredar as miñas verbas

de tódolos que sofren neste mundo.

TEMÁTICA: social

Longa noite de pedra



Exercicio 3

Observa o poema da obra Os soños na gaiola de Manuel María e responde as preguntas:

GALICIA

1 Galicia docemente
está ollando o mar:
¡ten vales e montañas
e terras pra labrar!

2 Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos,
¡cargados de traballos,
cargados de trafegos!

3 Galicia é unha nai
velliña, soñadora:

¡na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!

4 Galicia é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
¡Pero hai outra Galicia
que vai no sentimento!

5 Galicia somos nós:
a xente e máis a fala
¡Si buscas a Galicia
en ti tes que atopala!

1. Cantos versos ten cada estrofa? Cada estrofa ten 4 versos.
2. Subliña dous pares de palabras que rimen como mar e labrar. labregos-trafegos, soñadora-chora, vento-sentimento, fala-atopala
3. Relaciona as estrofas cos contidos sobre Galicia:

A Galicia dos sentimentos e emocións e a longa historia galega	Estrofa 3
A Galicia que perciben os sentidos e recordada	Estrofa 4
A Galicia mariñeira, urbana e rural	Estrofa 2
O pobo e o idioma galego	Estrofa 5
A paisaxe diversa: montañas, terras de cultivo e mar	Estrofa 1

Exercicio 4

Indica se os seguintes enunciados son verdadeiros (V) ou falsos (F):

1. Nos anos 70 xorden asociacións culturais e partidos políticos. F



2. Os relatos de Ánxel Fole posúen características dos contos populares contados oralmente. V
3. Fole e Cunqueiro non escribiron teatro. F
4. Neira Vilas pertence á Nova Narrativa Galega. F
5. Coa Nova Narrativa Galega chegan novidades como o uso do monólogo interior, ambientación urbana ou a presenza de saltos no tempo. V
6. Celso Emilio Ferreiro levábase ben con outros emigrantes galegos en Venezuela. F
7. A maioría dos poemas de Celso Emilio Ferreiro son paisaxísticos. F
8. A Festas Minervais eran certames de poesía da Universidade de Santiago. V
9. Manuel María e Uxío Novoneyra escribiron poemas paisaxistas. V
10. A normativización consiste en normalizar a lingua en todos os ámbitos e aumentar os falantes. F
11. Actualmente no século XXI hai máis falantes de castelán que de galego, especialmente entre as persoas de menor idade. V
12. A poesía da actualidade só se publica en libros e non na Internet. F
13. No teatro dos 60 e 70 deixa de haber compromiso social. F
14. Na actualidade houbo unha profesionalización do teatro. V